## BASE 58ª.- ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno do 23 de xullo pasado acordou, despois da dotación orzamentaria correspondente e o seu regulamento nas bases de execución do orzamento, fixar unha dotación para o financiamento dos grupos políticos provinciais cos seguintes compoñentes:

Fixo: Dous mil euros ao mes a cada grupo político.

Variable: Cincocentos euros por deputado ao mes.

Partindo da composición política actual da Corporación provincial resulta o que segue:

| Grupo Político | Nº | Contía variable | Contía fixa | Total mes | Total trimestre | Total semestre | Total ano |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PP | 14 | 7.000,00 | 2.000,00 | 9.000,00 | 27.000,00 | 54.000,00 | 108.000,00 |
| PSOE | 11 | 5.500,00 | 2.000,00 | 7.500,00 | 22.500,00 | 45.000,00 | 90.000,00 |
| BNG | 4 | 2.000,00 | 2.000,00 | 4.000,00 | 12.000,00 | 24.000,00 | 48.000,00 |
| ALTENATIVA DOS VECIÑOS | 1 | 500,00 | 2.000,00 | 2.500,00 | 7.500,00 | 15.000,00 | 30.000,00 |
| MAREA ATLÁNTICA | 1 | 500,00 | 2.000,00 | 2.500,00 | 7.500,00 | 15.000,00 | 30.000,00 |
| **Totais** | **31** | **15.500,00** | **10.000,00** | **25.500,00** | **76.500,00** | **153.000,00** | **306.000,00** |

No cumprimento do devandito acordo plenario procede regulamentar o réxime xurídico, económico e de xestión da asignación dos grupos políticos provinciais, que será o sinalado nas seguintes regras:

1ª Cada grupo político terá de solicitar na Axencia tributaria do estado o número de identificación fiscal coa denominación de “Grupo provincial …”

2ª Abrir unha conta bancaria ao nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.

3ª Nomear a un membro do grupo coma autorizado para dispoñer dos fondos da conta bancaria e responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos acadados.

4ª Os grupos provinciais terán que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que poñerán ao dispor do Pleno nos termos sinalados na presente base. Admitiranse uns rexistros contables por "partida simple" e a aplicación do principio de caixa. O procedemento da partida simple consiste en levar conta das operacións económicas das entradas e saídas e as dispoñibilidades do diñeiro. O principio de caixa supón a imputación dos ingresos e gastos no momento no que produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Os libros de contabilidade que hai que utilizar serán: libro de gastos, ingresos e caixa. Nos libros de gastos e ingresos rexistraranse por orde cronolóxica todas as operacións relativas a eles en función da súa natureza:

| DATA | Nº operación ingreso (gasto) | Concepto | Importe |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

No libro de caixa rexistraranse as entradas e saídas do efectivo, consignando as primeiras no debe e as segundas no haber, resultando deste xeito as existencias do efectivo en cada momento ou saldo.

| Nº operación ingreso | Nº operación gasto | Concepto | Debe (ingresos) | Haber (pagos) | Saldo |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

5ª O responsable contable do grupo terá de conservar a documentación xustificativa dos gastos, pagos e ingresos do grupo polo tempo que se fixe e por disposición dos órganos de control interno e externo que o precisen no exercicio das súas funcións legais esa documentación, así coma os seus rexistros contables e bancarios.

6ª Esta asignación non será compatible co financiamento público ou privado para a mesma finalidade, nin aplicarse ao financiamento dos partidos políticos presentes na Corporación provincial. Excepcionalmente poderán atender os gastos de funcionamento do grupo político que se xestionaron a través do partido político cando se dean as seguintes condicións:

a. Achegar copias cotexadas dos xustificantes do gasto e do pago efectuado polo partido político.

b. Incorporar o informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial poñendo de manifesto a relación do gasto imputado coa actividade do grupo.

c. Informe-memoria do responsable da Contabilidade do Partido Político no que se poña de manifesto o criterio de imputación de custos establecido para a atribución do importe correspondente aos gastos de funcionamento do grupo político provincial, determinado conforme as normas e principios contables de aplicación.

7ª Os grupos políticos non poderán ter a condición de empresario ou empregador, á que se refire o artigo 1 do Estatuto dos traballadores (Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo), en ningunha relación individual de traballo.

8ª A dotación económica concedida poderase destinar ás seguintes clases de gastos:

202 Arrendamento de edificios e outras construcións.
204 Arrendamento de material de transporte.
205 Arrendamento de mobiliario e aparellos.
206 Arrendamento de equipos para procesos de información.
220.00 Material de oficina ordinario non inventariable.
220.01 Prensa, revistas, libros e outras publicacións.
220.02 Material informático non inventariable.
222 Comunicacións (todos os subconceptos).
223 Transportes.
226.01 Atencións protocolarias e representativas
226.02 Publicidade e propaganda.
226.04 Xurídicos, contenciosos
226.06 Reunións, conferencias e cursos.
227.02 valoracións e peritaxes.

227.06 Estudos e traballos técnicos.
227.99 Outros traballos realizados por empresas e profesionais

Os gastos aplicables a cada concepto serán os que se describen na Orde de EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais

9ª Para os efectos dispostos polo artigo 73.3 da Lei 7/1985 terán a consideración de activos fixos de carácter patrimonial, todos os bens que reúnan algunha das seguintes características:

a. Que non sexan bens funxibles.
b. Que teñan unha duración previsiblemente superior ao exercicio orzamentario.
c. Que sexan susceptibles de inclusión no inventario.
d. Ser gastos que previsiblemente non sexan reiterativos.

10ª Cando o contrato formalizado polo grupo supere o importe disposto no artigo 138.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro) (contratos menores) terá que acreditar solicitar polo menos tres ofertas de distintos contratistas.

11ª Admitiranse como xustificante dos gastos as facturas ou recibos nos que se identifique o concepto, importe, provedor e grupo político destinatario e cumpran o contido disposto na lexislación tributaria (artigos 6 e 7 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, regulador dos deberes de facturación). As facturas simplificadas e os tíckets dos establecementos comerciais só serán admitidas nos supostos dispostos no artigo 4 do Real decreto 1619/2012.

12ª Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gastos haberá que achegalos como xustificación do destino dado aos fondos librados anticipadamente como "pagos que hai que xustificar".

13ª O pagamento será trimestral e terá a natureza de pago a xustificar. Cando se acredite polo representante do Grupo Político a necesidade, o importe anticipado poderá alcanzar unha contía superior á correspondente ao trimestre pero non poderá exceder, en ningún caso, o importe da asignación anual. Os pagos periódicos esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos primeiros dez días do mes de decembro de cada exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

14ª Os pagamentos terán de facerse utilizando uns medios -transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, talón bancario ou cheque nominativo- que aseguren o seu rexistro na conta bancaria do grupo e a identificación do seu destinatario. Só, excepcionalmente, se admitirá o pago en efectivo para importes inferiores a cincocentos euros e sempre deixando constancia documental da efectividade do

pago ao terceiro debidamente identificado e aportando a factura ou documento equivalente co contido establecido con carácter xeral na normativa reguladora do Imposto de Valor Engadido (IVE).

15ª Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do presidente.

16ª A documentación xustificativa dos pagos aos grupos e a súa tramitación publicarase no Portal da transparencia da Deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

17ª Informarase o Pleno provincial dos importes satisfeitos e os xustificados durante o exercicio económico, con ocasión da presentación da liquidación anual dos orzamentos.